

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que nas datas que se indican foron aprobados os Consorcios dos seguintes montes:

- "Os Chaos", LU-2220, pertencente á parroquia de Ouviaño, o 9 de xuño de 1970 e

- "Penagralle", LU-3291, pertencente á parroquia de Ouviaño, o 9 de xuño de 1970.

- "Abelleira", LU-3300, pertencente á parroquia de Ouviaño, o 9 de xuño de 1970.

2º.- Que o 22 de decembro de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común adoptou o Acordo de clasificar como tal o denominado "GAMALLEIRA", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, termo municipal de Negueira de Muñiz. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 65, do luns 21 de marzo de 1977, non se presentou nin interpuxo recurso algún contra el polo que é firme.

3º.- Que o 4 do mes en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por esta reunida en Asemblea Xeral ese mesmo día, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 213 Hás. do monte da súa pertenza, nas que se incluían 20 Hás. do "OS CHAOS", LU-2220, e 63 Hás. do "PENAGRALLE", LU-3291 e 95 Has. do "ABELLEIRA" LU-3300, consorciados polo Concello de Negueira de Muñiz e o Patrimonio Forestal do Estado, así como 35 Hás., rasas na actualidade, que aportaban de novo.

4º.- Que en consecuencia, o novo monte "Gamalleira", queda constituido por:

20 Hás. do monte "OS CHAOS", LU-2220,
63 Hás. DO MONTE "PENAGRALLE", LU-3291 e
95 Hás. do monte "ABELLEIRA", LU-3300 e
35 Hás., rasas e sen consorciar.

5º.- Que o convenio ten por finalidade a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro dos Consorcios, a repoboación forestal dos terreos rasos, a conservación e tratamentos selvícolas das masas creadas ou das que se creen no futuro, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

6º.- Que as superficies do monte "OS CHAOS", LU-2220, eran:

superficie total:	200 Hás.
superficie repoboada: ...	195 "
superficie inforestal:...	5 "

Como ós montes que se indican, pasaron as seguintes superficies:

M o n t e	Superficie total	Superficie repoboada	Superficie inforestal
"DE OUVIEÑO", 2715586...	21 Has.	20 Hás.	1 Hás.
"DE BUSTELO", 2715576...	38 "	37 "	1 "
"DE VILARMEOR", 2715589.	1 "	1 "	- "
"DE TALLOBRE", 2715590..	30 "	29 "	1 "
"DE BUSTARVELLE", 2715633	28 "	27 "	1 "
"DE BRAÑELA", 2715641....	62 "	61 "	1 "
Total	180 Hás.	175 Hás.	5 Hás.

as actuais, son:

superficie total. 20 Has.

superficie repoboada.... 20 2

Pasan integramente o monte "GAMALLEIRA".

7º.- Que as superficies do monte "PENAGRALLE", LU-3291, eran:

superficie total..... 144 Hás.

superficie repoboada..... 111 "

superficie rasa forestal. 30 "

superficie inforestal.... 3 "

Ó monte "DE OUVIAÑO", 2715586, pasaron:

superficie total..... 41 Has.

superficie repoboada..... 32 "

superficie rasa forestal. 8 "

superficie inforestal.... 1 "

O monte "DE VILARMEOR", 2715589, pasaron:

superficie total.	33 Hás.
superficie repoboada.....	25 "
superficie rasa forestal..	7 "
superficie inforestal.....	1 "

O monte "DE TALLOBRE", 2715590, pasaron:

superficie total	1 Há.
superficie repoboada.....	1 "

O monte "DE BRAÑELA", 2715641, pasaron:

superficie total.....	6 Has.
superficie repoboada.....	6 "

Polo tanto, as súas superficies actuais, son:

superficie total	63 Hás.
superficie repoboada.....	47 "
superficie rasa forestal.....	15 "
superficie inforestal.....	1 "

Pasan integramente ó monte "GAMALLEIRA".

8°.- Que as superficies do monte "ABELLEIRA", LU-3300
eran:

superficie total	131 Hás.
superficie repoboada.....	80 "
superficie rasa forestal.....	40 "
superficie inforestal	11 "

O monte "DE BRAÑELA", 2715641, pasaron:

superficie total	36 Hás.
superficie repoboada.....	33 "
superficie inforestal.....	3 "

Polo tanto, as superficies actuais, son:

superficie total	95 Hás.
superficie repoboada.....	47 "
superficie rasa forestal.....	40 "
superficie inforestal	8 "

Pasan integramente o monte "GAMALLEIRA".

9°.- Que a Comunidade aporta de novo:

superficie total.	35 Hás.
superficie rasa forestal.....	33 "
superficie inforestal.....	2 "

10°.- Que en consecuencia, as superficies actuais do monte "GAMALLEIRA", do Convenio que se propón, son:

superficie total.	213 Hás.
superficie repoboada.....	114 "
superficie rasa forestal.....	88 "
superficie inforestal.	11 "

11°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "OS CHAOS", LU-2220.

Conformes coas Certificacións que se xuntan e as transferencias ás contas doutros Convenios, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996.	5.937.163,-Ptas.
pasados m/"DE OUVIAÑO", 2715586	287.022,- "
pasados m/"DE BUSTELO", 2715576	530.990.- "
pasados m/"DE VILARMEOR", 2715589.....	14.351,- "
pasados m/"DE TALLOBRE", 2715590.....	416.181,- "
pasados m/"DE BUSTARVELLE", 2715633.....	1.155.647,- "
pasados m/"DE BRAÑELA", 2715641.	2.610.905,- "
saldo actual	922.067,- " *

o 31-12-1976, ano no que se clasificou como
en man común o monte dos veciños de Gamalleira 791.128,-Pts.

A ter en conta de acordo coa Disposición
Adicional Segunda de lei de Galicia 13/1989

<u>20</u> x 922.067,-Ptas. - <u>20</u> x 791.128,-Ptas.	840.926,-Ptas.
20	195

b) Ingresos:

Administración Forestal	53.217,-Ptas.
Excma. Deputación	9.604,- "
saldo.....	62.821,-Pts.
pasados m/"DE OUVIAÑO", 2715586	6.204,- "
pasado m/"DE BUSTELO", 2715576	11.477,- "
pasados m/"DE VILARMEOR", 2715589.	310,- "
pasados m/"DE TALLOBRE", 2715590.....	8.996,- "
pasados m/DE BESTARVELLE", 2715633.....	8.296,- "
pasados m/"DE BRAÑELA", 2715641	18.765,- "
saldo actual	8.773,- " *

12°.- Gastos por traballos e ingresos do monte
"PENAGRALLE", LU-3291.

Conforme coas Certificacións que se xuntan e coas transferencias ás contas doutros Convenios, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996.	5.828.350,-Ptas.
pasados m/"DE OUVIAÑO", 2715586	1.155.803,- "
pasados m/"DE VILARMEOR", 2715589	1.215.471,- "
pasados m/"DE TALLOBRE", 2725590	48.619,- "
pasados m/"DE BRAÑELA, 2715641	358.590,- "
saldo actual	3.049.867,- " x
o 31-12-1976, ano en que se clasificou como	
en man común o monte dos veciños de Gamalleira 1.325.275,.Pts.	

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional Segunda de lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

47 x 3.049.867,-Ptas. - 47 x 1.325.275 Pts. 2.488.715,-Ptas. ✓

47

111

b) Ingresos:

-

13°.- Gastos por traballos e ingresos do monte
"ABELLEIRA", LU-3300.

Conforme coas Certificacións que se xuntan e coas transferencias as contas de outros Convenios, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

O 31-12-1996	11.454.489,-Ptas.
pasados m/"DE BRAÑELA", 2715641	2.079.268,- "
saldo actual	9.375.221,- " *
o 31-12-1976, ano en que se clasificou co- mo en man común o monte dos veciños de Ga- malleira.	786.322,-Ptas.

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional
Segunda de lei de Galicia 13/1989 do 10 de Outubro:

<u>47</u> x 9.375.221,- Pts. - <u>47</u> x 786.322,-Pts.	8.913.257,-Ptas.
47	80

b) Ingresos:

-

14°.- E que os gastos que por traballos,
administración e gardería, así como os ingresos das contas dos
Consortios dos montes "OS CHAOS", LU-2220, "PENAGRALLE", LU-
3291 e "ABELLEIRA", LU-3300, pasan á conta do Convenio do
monte "GAMALLEIRA", son:

a) GASTOS:

do monte "OS CHAOS", LU-2220:

traballos	840.926,-Ptas.
administración <u>7,85</u> x 840.926,-Ptas. ...	66.013,- "
100	

gardería: 20 Hás. x 950,-Ptas./ Há. 19.000,- "

do monte "PENAGRALLE" LU-3291:

traballos.	2.488.725,- Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 2.488.715,-Ptas..	195.364,- "
gardería: 47 Hás. x 950,-Ptas./Há.	44.650,- "

do monte "ABELLEIRA", LU-3300:

traballos 8.913.257,- Ptas.

administración: 7,85 x 8.913.257,- Ptas.. 699.691,- "

100

gandería: 47 Hás. x 950,- Ptas./Há. 44.640,- "

TOTAL GASTOS 13.312.266,- Ptas.

b) INGRESOS:

del monte "OS CHAOS", LU-2220:

20 Hás. x 8.773,- Ptas. 8.773,- Ptas.

20 Hás.

do monte "PENAGRALLE", LU-3291:

-

do monte "ABELLEIRA", LU-3300:

-

TOTAL INGRESOS 8.773,- Ptas.

15°.- E a conta de gastos do monte "GAMALLEIRA", se abre cun saldo de:

13.312.266,- pesetas - 8.773,- pesetas: 13.303.493,- Ptas.

Á vista de todo isto, propónse a V.I.:

1°.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome: "GAMALLEIRA".

Elenco: 2715880.

Superficie; 213 Hás.

Pertenza: Comunidade de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo 50%:

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta de gastos do convenio do monte "GAMALLEIRA", 2715880, se abra cun saldo de 13.303.493.- pesetas sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran ter os Consorcios dos montes "OS CHAOS", LU-2220, "PENAGRALLE", LU-3291 e "ABELLEIRA", LU-3300, con posterioridade a data de peche das súas contas.

3°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "OS CHAOS".

Elenco: LU-2220.

Superficie: 20 Hás.

Pertenza: Veciños de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

4°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "PENAGRALLE".

Elenco: LU-3291.

Superficie: 63 Hás.

Pertenza: Veciños de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

5°.- Que se cancele o Consorcio das seguintes características:

Nome: "ABELLEIRA".

Elenco: LU-3300.

Superficie: 95 Hás.

Pertenza: Veciños de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

B°. V°.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA; GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade Veciñal do lugar de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, termo municipal de Negueira de Muñiz, propietara do monte "GAMALLEIRA", integrado por:

- 20 Has. do monte "OS CHAOS", LU-2220, que se cancela.
- 63 Has. do monte "Penagralle" LU-3291, que se cancela.
- 95 Has do monte "Abelleira", LU-3300, que se cancela.
- 35 Has. sen consorciar.

e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue stamp of the Xunta de Galicia, with text around the perimeter: 'XUNTA DE GALICIA', 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE', and 'CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES'. In the center is a coat of arms.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes bases:

Monte: "GAMALLEIRA".

Elenco: 2715880.

Superficie: 213 Has.

Pertenza: Comunidade de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta de gastos do convenio do monte "GMALLEIRA, 2715880, se abra cun saldo de 13.303.493.- pesetas sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran te-los os Consorcios dos montes "OS CHAOS", LU-2220, "PENAGRALLE", LU-3291, e "ABELLEIRA", LU-3300, con posterioridade a data de peche das súas contas.

3º.- Cancelar o Consorcio das seguintes características:

Nome: "OS CHAOS".

Elenco: LU-2220.

Superficie: 20 Hás.

Pertenza: Veciños de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

4º.- Cancelar o Consorcio das seguintes características:

Nome: "PENAGRALLE".

Elenco: LU-3291.

Superficie: 63 Hás.

Pertenza: Veciños de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

5º.- Cancelar o Consorcio das seguintes características:

Nome "ABELLEIRA".

Elenco: LU-3300.

Superficie: 95 Hás.

Pertenza: Veciños de Gamalleira.

Termo municipal: Negueira de Muñiz.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5880
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a dez de outubro de mil novecentos noventa e sete

REUNIDOS

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta Orde do 13.12. 1.993.

Da outra, D. JOSE ANTONIO FERNANDEZ SANCHEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "GAMALLEIRA" segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 23 de Outubro de 1.957 e 9 de Xuño de 1.970 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, termo municipal de Negueira de Muñiz

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "GAMALLEIRA"

Termo municipal: Negueira de Muñiz

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, termo municipal de Negueira de Muñiz.

Límites: (FIGURAN EN FOLLA ADXUNTA)

N.:

S.:

L.:

O.:

Superficie: 213 (DUASCENTAS TRECE) Hás.

Estado forestal: 114 (CENTO CATORCE) Hás. repoboadas; 88 (OTENTA E OITO) Hás. rasas forestais e 11 (ONCE) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 114 (CENTO CATORCE) Hás.

Sen vexetación arbórea: 99 (NOVENTA E NOVE) Hás.

Servidumes: - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, termo municipal de Negueira de Muñiz

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 20 Hás. do monte "OS CHAOS", LU-2220; 63 Hás. do monte "PENAGRALLE", LU-3291 e 95 Hás. do monte "ABELLEIRA", LU-3300.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de corenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris, P. pinaster e P. radiata nas zoas rasas na actualidade.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " GAMALLEIRA ", veciños de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, concello de NEGUEIRA DE MUÑIZ- Rexistrados coa data do 08-09-97 co número 0582.

2.— Que, así mesmo, figura Don JOSÉ A. FERNÁNDEZ CANCIO, e Don RAMÓN GARCÍA DÍAZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~da~~ elixida o 04-09-97

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 8 de setembro de 1997. P.O.

A XEFA DO SERVIZO TÉCNICO-XURÍDICO



Don RAMON GARCIA DIAZ, Secretario de Comunidade de Gamalleira, termo municipal de Negueira de Muñiz.

Asdo.: Ana Manuela Belinchón Giménez

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 4 de Setembro de 1.997 estando designado Don JOSE ANTONIO FERNANDEZ CANCIO, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Gamalleira, (Negueira de Muñiz) a catro de Setembro de mil novecientos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: José Antonio Fernández Sánchez.

Asdo.: Ramón García Díaz.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/P

O SECRETARIO XERAL,

Asdº. José Antonio Fernández Sánchez.

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O. do 13/12/93)

D. José Antonio Fernández Cancio.

D. Ovidio Pérez Fernández.

D. Saturnino García Balboa.

D. Ramón García Díaz.

D. Germán Méndez Soto.

En el lugar de Gamalleira, parroquia de Ouviaño, municipio de Negueira de Muñiz, siendo las trece horas del día 4 de Septiembre de 1.997, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Gamalleira, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la Comunidad, reunida en Asamblea General del día de hoy, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 213 Hás. del monte en mano común de su pertenencia, en las que se incluyen 20 Hás. del monte "OS CHAOS", 95 Hás. del "ABELLEIRA" y 63 Hás. del "PENAGRALLE", consorciados por el Ayuntamiento de Negueira de Muñiz con el Patrimonio Forestal del Estado y 35 Hás., rasas en la actualidad, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "GAMALLEIRA".

Superficie: 213 Hás.

Límites:

PARCELA I:

N.- Monte "DE BRAÑELA", 2715641;

E.- Rego de Abelleira y propiedades particulares;

S.- Más monte de la Comunidad de Gamalleira y

O.- Monte "DE MONTESEIRO", 2715827.

PARCELA II:

N.- Monte "DE BRAÑELA", 2715641;

E.- Montes "DE BUSTELO", 2715576 y "DE OUVIAÑO", 2715586;

S.- Monte "DE VILARMEOR", 2715589 y

O.- Propiedades particulares de Ouviaño.

PARCELA III:

N.- Más monte de la Comunidad de Gamalleira;

E.- Monte de la Comunidad de Vilarmeor;

S.- Río Navia y

O.- Propiedades particulares de Gamalleira, Vilarmeor y Ouviaño.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que les afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "OS CHAOS", "PENAGRALLE" y "ABELLEIRA".

.../...

.../...

3º.- Autorizar a su Presidente para firmar el Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Ramón García

Saturnino García

José Félix

Ovidio Pérez

German Méndez Soto

Monte "GAMALLEIRA"

PARCELA I.-

- N.- Monte "DE BRÃÑELA", 2715641;
- E.- Rego de Abelleira e propiedades particulares;
- S.- Mais monte da Comunidade de Gamalleira e
- O.- Monte "DE MONTESEIRO", 2715827.

PARCELA II.-

- N.- Monte "DE BRÃÑELA", 2715641;
- L.- Montes "DE BUSTELO", 2715576 e "DE OUVIAÑO", 2715586;
- S.- Monte "DE VILARMEOR", 2715589 e
- O.- Propiedades particulares de Ouviaño.

PARCELA III.-

- N.- Mais monte da Comunidade de Gamalleira;
- L.- Monte da Comunidade de Vilarmeor;
- S.- Río Navia e
- O.- Propiedades particulares de Gamalleira, Vilarmeor e Ouviaño.

- - - - -